

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN CAMIÑA SOCIAL PARA LEVAR A CABO UNHA INTERVENCIÓN EDUCATIVA INTEGRAL CON PERSOAS MENORES QUE TEÑAN QUE CUMPRIR MEDIDAS XUDICIAIS E OUTRAS ACTUACIÓNS EN MEDIO ABERTO PREVISTAS NA LEI ORGÁNICA 5/2000, DO 12 DE XANEIRO, REGULADORA DA RESPONSABILIDADE PENAL DOS MENORES, NA PROVINCIA DE CORUÑA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social,
DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Fundación Camiña Social o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de setembro de 2016 ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto** regular a colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Camiña Social para levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñen que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións en medio aberto previstas na LORPM na provincia da Coruña.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar **fundaméntase** no seguinte:

Primeiro. Que a LORPM establece no artigo 45 que a execución das medidas adoptadas polos xulgados de menores nas súas sentenzas firmes corresponde ás comunidades autónomas, que poderán establecer os convenios ou acordos de colaboración necesarios con outras entidades, ben sexan públicas, da Administración do Estado, Local ou de outras Comunidades Autónomas, ou privadas sen ánimo de lucro, para a execución das medidas da súa competencia, baixo a súa directa supervisión, de acordo cos principios de cooperación e colaboración, e sen que iso supoña en ningún caso a cesión da titularidade e responsabilidade derivada da súa execución.

Segundo. Que lle corresponde á Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na LORPM, de acordo co establecido no artigo 13 do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Terceiro. Que a execución das medidas xudiciais ten por obxecto procurar a reinserción e reeducación das persoas menores infractoras. Isto require unha intervención que debe ser levada a cabo por un equipo multidisciplinar de profesionais especializados nas áreas psicosocial e educativa, que dean resposta ás especiais características que presenta o colectivo obxecto de atención: carencia de ferramentas e habilidades sociais, cognitivas e/ou laborais; pertenza a familias desestructuradas, multiproblemáticas e/ou permisivas e con poucos ou ningún referente social positivo; presenza frecuente de consumo de substancias nocivas para a saúde; alto grao de absentismo e fracaso escolar; baixa autoestima, autoconfianza e tolerancia á frustración. Ás anteriores variables súmanse con frecuencia especificidades como a condición de emigrante ou a orixe étnica, que engaden novos condicionantes como a inexistencia de referentes familiares, problemas de documentación ou barreiras idiomáticas e culturais.



Cuarto. Que dado que a Administración non conta cos medios materiais e persoais necesarios para a execución das medidas non privativas de liberdade e co obxecto de garantir a correcto desenvolvemento desta competencia que a LORPM lle atribúe, considerouse necesario acudir a fórmulas colaborativas con entidades privadas para o desenvolvemento da súa actividade, ao abeiro do establecido nos artigos 45 da LORPM e 8 do Decreto 1774/2000, do 30 de xullo, polo que se aproba o regulamento da LORPM.

Quinto. Que o carácter singular da intervención determinou a necesidade de establecer convenios de colaboración con entidades especializadas na intervención con menores de cara á consecución de obxectivos compartidos, encamiñados á inserción e reeducación da persoa menor, que realizarán as súas funcións sen unha compoñente lucrativa, prestando a súa colaboración a cambio exclusivamente dunha compensación polos gastos ocasionados polo exercicio da actividade, conservando a Administración a responsabilidade da execución das medidas xudiciais, tal e como establecen os citados artigos 45 da LORPM e 8 do Regulamento.

Sexto. Que, dada a existencia dunha pluralidade de entidades entre cuxos fins se atopa a intervención socioeducativa con mozos e mozas, capacitadas para desenvolver os programas de intervención co menores, valorouse necesaria a articulación dun procedemento de selección que garante os principios de publicidade, transparencia, concorrència, obxectividade e non discriminación, e que posibilite a elección de proxectos que aseguren unha mellor calidade técnica da intervención, co fin de que se realice unha execución adecuada das medidas en beneficio do menor e tendo en conta os seus intereses.

Sétimo. Que o día 18 de febreiro de 2016 publicouse no DOG a resolución do 11 de febreiro de 2016 pola que se convoca o procedemento de selección de entidade privada sen ánimo de lucro para levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións en medio aberto previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, na provincia da Coruña.

Décimo.-Que unha vez resolto o procedemento de acordo co establecido no anexo I da devandita resolución se subscribe o convenio coa entidade seleccionada, nos termos establecidos no modelo que figura no anexo III da resolución.

Décimo primeiro.- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada á sinatura do instrumento convencional que se pretende con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 20 de setembro de 2016

